

Instrucións para cubrir a enquisa

A continuación describíense os campos incluídos na enquisa relativa ao fluxo de mercadorías perigosas e radioactivas en Galicia:

- ✓ **Nº ONU:**
Número de 4 cifras que identifica a materia transportada en función da súa clasificación de risco e da súa composición.

- ✓ **Nº PERIGO:**
Tipo de mercadoría que se transporta en función da seguinte clasificación:

Número	Clase
1	Materias e obxectos explosivos
2	Gases
3	Líquidos inflamables
4.1	Materias sólidas inflamables, materias autorreactivas e materias explosivas desensibilizadas sólidas
4.2	Materias que poden experimentar inflamación espontánea
4.3	Materias que ao contacto coa auga desprenden gases inflamables
5.1	Materias comburentes
5.2	Peróxidos orgánicos
6.1	Materias tóxicas
7	Materiais radioactivos
8	Materias corrosivas
9	Materias e obxectos perigosos diversos

- ✓ **NOME:**
Específica a materia transportada.

- ✓ **CANTIDADE ANUAL:**
Corresponde coa cantidade de materiais transportados nun ano. A unidade utilizada será toneladas (T) para materias perigosas e milicurios (mCi) no caso de materiais radioactivos.

- ✓ **MUNICIPIO DE ORIXE:**
Este campo indica o municipio de orixe dentro de Galicia. Por exemplo, se un transporte procede de Barcelona e entra na comunidade galega por Pedrafita do Cebreiro, o municipio de orixe que se debe especificar será este último. No caso de que proceda, débese indicar "Asistencia técnica".

- ✓ **MUNICIPIO DE DESTINO:**
Este campo corresponde co municipio de destino dentro de Galicia. Por tanto, se un transporte sae da comunidade galega con destino O Porto (Portugal) a través da fronteira de Tui, o municipio de destino que se debe especificar será este último. No caso de que proceda, débese indicar "Asistencia técnica".

- ✓ **ITINERARIO:**
Neste campo se referencia o percorrido dos materiais ao longo da comunidade galega.
Para o caso de transporte ferroviario, indícase a ruta utilizada no desprazamento. Por exemplo, para un transporte procedente de Vigo con destino Monforte de Lemos, empregaríase a liña "VIGO/TUI/OURENSE/MONFORTE".
Para o caso de transporte por estrada débese identificar por onde circula a mercadoría. Por exemplo, para un transporte procedente de Caldas de Reis con destino Arteixo, o itinerario podería ser "AP-9/N-550/A-6/AC-552".

- ✓ **Nº VIAXES AO ANO:**
Referencia o número de viaxes anuais realizadas pola empresa transportista seguindo o itinerario indicado coa mercadoría correspondente.

- ✓ **RECIPIENTE DE TRANSPORTE:**
Indica o tipo de vehículo no cal se transporta a mercadoría, como pode ser vagón, camión cisterna, camión caixa, furgoneta, plataforma vehículo articulado etc.

- ✓ **EMPRESA TRANSPORTISTA:**
Nome da empresa responsable do transporte de materiais perigosos ou radioactivos especificados.